



# PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez

[Versión 2.0\_ outubro 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. **Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. **Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. **Avaliación do PD**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. **Difusión do PD**

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez.

Enderezo: Avenida do Ferrocarril, 17-19. 15007. A Coruña.

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaoacorunha/>

Correo electrónico: [ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal](mailto:ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal)

Teléfono: 881960300

Alumnado: 440 nenas/os de EI e EP.

Profesorado: 34 mestres/as.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O contexto dun centro en canto á competencia TIC é cambiante e confórmase en función das persoas da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias...) e das necesidades, debilidades e fortalezas que presentan en cada momento. Por iso é preciso facer unha análise a este respecto cada inicio do curso, para poder adaptar a planificación anual ás necesidades reais de cada ano escolar.

Con independencia desta variabilidade, a analizar periodicamente, sinálanse a continuación algunhas referencias xerais con respecto á identidade do centro relacionadas coa integración das TIC:

### Traxectoria do centro en Programas TIC

- **Programa Abalar:** O centro incorporouse a este programa no curso 2013/14, o que supuxo un importante impulso no desenvolvemento da competencia dixital no alumnado de 5º e 6º de primaria.
- **E-DIXGAL:** No curso 2020/21 aprobouse o proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) coa conseguinte incorporación no ensino de libros dixitais e unha importante e necesaria actualización de equipos informáticos. Desde entón, o alumnado de 5º e 6º utiliza de forma ordinaria e diaria ultraportátiles para manexar contidos dixitais.

### Competencia dixital e formación do profesorado

- A pesar da existencia de diferentes niveis de competencia dixital entre o profesorado, existe en xeral unha boa disposición á integración das TIC na aula e tamén cara a auto-formación, sexa asistindo a cursos organizados por organismos oficiais (CFR/CAFI e outros) ou formacións informais ou extraoficiais no propio centro (compartindo ideas ou experiencias TIC, titoriais de uso de ferramentas dixitais ou apps...).
- A maior parte do profesorado definitivo do centro realizou o curso organizado polo CFR de A Coruña *Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes*, que facilitou a formación básica na utilización de Moodle, AbalarMóbil e videoconferencias.

- Un gran número do profesorado do centro ten superada a formación *Introdución ao EVA E-Dixgal*.
- Unha alta porcentaxe de mestras e mestres participou no PFPP Implementación do Plan Dixital durante o curso 2022/23.

### Alumnado

- Aínda que en xeral o alumnado do centro utiliza de modo habitual dispositivos dixitais na súa vida familiar e escolar (ordenadores e periféricos, pantalla dixital, tabletas, móbiles...), faise moi necesaria a intervención directa na aula con respecto á competencia en entornos tecnolóxicos e dixitais.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A dixital é unha das oito competencias clave que o alumnado debe desenvolver ao longo da súa escolaridade para poder incorporarse á vida adulta e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A actividade educativa non pode illarse do contexto no que vivimos, cada vez máis dixital, no que aprendemos, consumimos, nos relacionamos e gozamos do noso tempo de lecer. O alumnado, xunto ao profesorado, debe ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro co fin de resolver problemas reais dun modo eficiente.

O desenvolvemento da competencia dixital non se acaba co simple uso de ferramentas ou aplicacións, senón que debemos promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. O profesorado ten o reto de actualizarse de modo que poida dar resposta ás novas demandas sociais e educativas, promovendo un novo conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes en torno aos escenarios dixitais.

Este documento pretende ser unha guía para coordinar as accións de integración das TIC, tanto a nivel de xestión e organización de espazos e recursos como para axudar o desenvolvemento da competencia dixital de alumnado e profesorado.

#### Contextualización normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1.4. Proceso de elaboración

Este plan foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital do noso centro, sendo asesorados polo equipo ADIX 2 da Coruña.

Partimos dos resultados do cuestionario SELFIE, completado no 1º trimestre, e do Test de Competencia Dixital Docente, no mes de febreiro.

Cos datos obtidos, no mes de marzo elaboramos o DAFO (documento que recolle as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades), que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital.

En abril completamos os obxectivos do Plan de Acción e nos meses de maio e xuño, seguindo as indicacións do equipo ADIX asignado, elaboramos este Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A continuación enuméranse os medios e recursos de carácter tecnolóxico-dixital cos que conta o centro:

- 2.1.1. Espazos con dotación dixital.
- 2.1.2. Rede de comunicacións e conectividade.
- 2.1.3. Recursos e plataformas virtuais.
- 2.1.4. Recursos humanos.

#### 2.1.1. Espazos con dotación dixital

- **Aulas do alumnado**

Todas as aulas teñen unha dotación mínima de equipo informático, altofalantes, proxector, pantalla dixital interactiva ou monitor interactivo e tableta dixital. As aulas de 5º e 6º de Educación Primaria contan coa dotación propia do proxecto E-Dixgal.

Dispoñemos tamén dun carro con 27 portátiles (aula móbil) que pode ser empregado polo alumnado do 1º e 2º ciclo de educación primaria.

- **Aula dixital da planta baixa**

Destinada desde este curso para toda a comunidade educativa no marco do proxecto Polos Creativos.

Estamos á espera de recibir a dotación do equipamento.

- **Aula dixital do 2º andar**

Destinada a partir deste curso para toda a comunidade educativa no marco do proxecto Polos Creativos.

Actualmente é empregada pola especialista de relixión católica para impartir clase ao seu alumnado.

A aula dispón dunha pantalla dixital interactiva con posibilidade de conexión wifi con dispositivos móbiles, unha impresora 3D e equipos informáticos.

Neste espazo almacénase diferente material informático e audiovisual (CPU, compoñentes periféricos, proxectores, cámara de vídeo, cámaras fotográficas...) que están baixo a supervisión e custodia do equipo directivo e a coordinación TIC. Estes facilitarán o seu uso por parte dos docentes, previa solicitude e xustificación didáctica.

### **2.1.2. Rede de comunicacións e conectividade**

Todas as dependencias do centro dispoñen de conexión a internet por cable. Ademais, en cada planta hai un ou máis puntos WiFi que dan cobertura á maioría dos espazos do centro, aínda que con diferente nivel de intensidade e cobertura.

### **2.1.3. Recursos e plataformas virtuais**

A continuación cítanse os principais espazos virtuais que serven de apoio á docencia ou como canle de comunicación entre a comunidade educativa:

#### **Webs dinámicas: Páxina web (Drupal)**

- *Obxecto:* A páxina web ten como obxecto dar a coñecer o centro, as novidades e as actividades educativas que se realizan nel. É, por tanto, a principal canle de comunicación do centro coa comunidade educativa.
- *Xestión:* Dentro do equipo TIC existirá unha persoa que coordinará as publicacións na web e velará pola continua mellora da estrutura de contidos desta.

#### **Webs dinámicas: Aula virtual (Moodle)**

- *Obxecto:* A aula virtual da cabida a tres tipos de espazos:
  - Aulas virtuais dirixidas ao alumnado e á súa aprendizaxe.
  - Espazos dirixidos ao profesorado para facilitar a súa coordinación docente e compartir recursos.
  - Espazos dirixidos a toda a comunidade. Estes espazos estarán abertos a convidados para a súa libre consulta.
- *Xestión:* Dentro do equipo TIC existirá unha persoa responsable da xestión de usuarios, creación e organización de espazos virtuais, asesoramento e resolución de incidencias.

## Webs dinámicas: Galería (Coppermine)

- *Obxecto:* Nesta plataforma gárdanse, clasifícanse e compártense fotografías, imaxes ou vídeos organizados en categorías e álbumes. Deste xeito non se sobrecarga de arquivos o Drupal, podendo ser enlazados nas propias novas da web.
- *Xestión:* Dentro do equipo TIC existirá unha persoa encargada da subida de imaxes e creación e organización das categorías e álbumes. Recoméndase que esta persoa sexa a mesma encargada da páxina web.

## E-Dixgal

- *Obxecto:* O Programa E-Dixgal pretende transformar a aula tradicional nunha aula dixital con dotación informática e a través dun entorno virtual de aprendizaxe (EVA) onde o alumnado dispón dos contidos das materias en soporte dixital.
- *Xestión:* A persoa encargada da coordinación E-Dixgal, ou aquela en quen delegue, será a responsable da xestión de usuarios, creación e organización de espazos virtuais, información e asesoramento e xestión de incidencias.

## Redes sociais (Facebook e Twitter)

- *Obxecto:* As canles de difusión social teñen como obxectivo reforzar a comunicación do centro co resto da comunidade educativa, especialmente as familias. A vantaxe deste tipo de plataformas é a posibilidade de recepción inmediata de notificacións de novas publicacións na páxina web.
- *Xestión:* Dentro do equipo TIC existirá unha persoa encargada da publicación de novas nas redes e que estará en total coordinación coa persoa responsable da páxina web.
- *Protocolo:* As redes sociais deben dirixir sempre ás novas dos servizos de Webs dinámicas (páxina web, aula virtual ou galería).

## Servizos web non corporativos

- *Obxecto:* O centro dispón dunha conta de correo non corporativa que se utiliza como medio para poder identificarse nas redes de difusión social e noutros servizos web que permiten enriquecer as novas da páxina institucional do centro.
- *Xestión:* O contrasinal desta conta será custodiada pola persoa coordinadora TIC e facilitada só a aqueles membros do equipo que a precisen para levar a cabo as súas funcións.
- *Protocolo:* Só poderá ser utilizada como medio de acceso a aqueles servizos que precisen dunha conta de correo xestionada polo equipo. Baixo ningún concepto se poderá utilizar esta conta como servizo de correo.

## 2.1.4. Recursos humanos

### Recursos internos do centro

O equipo de dinamización das TIC é o principal impulsor do aproveitamento dos recursos e dinámicas dixitais:

- A persoa coordinadora TIC será a responsable de coordinar as propostas, tarefas e actividades necesarias para acadar os obxectivos propostos.
- A persoa coordinadora do programa E-Dixgal pertencerá ao equipo TIC.
- Todos os membros do equipo colaborarán nas consecución dos obxectivos deste Plan en base ás súas posibilidades e formación.
- Todo o profesorado do centro ten a responsabilidade de desenvolver a competencia dixital do seu alumnado incluíndo propostas a través da programación das materias que imparta.

### Recursos externos dependentes da Consellería

- UAC
- Soporte Premium (E-Dixgal)
- Webs dinámicas
- Asesoría Abalar/E-Dixgal
- AMTEGA
- Equipos ADIX

### Recursos externos non dependentes da Consellería

- Empresa de servizos informáticos. Contratada directamente polo centro para xestión de incidencias e mantemento técnico semanal. No momento de elaborar este plan, a empresa contratada é GVT.



## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración da nosa análise DAFO tivemos en conta aspectos cuantitativos e cualitativos extraídos das seguintes fontes: o Informe SELFIE (Anexo 1) e o Test de Competencia Dixital Docente (Anexo 2).

**Autoavaliación SELFIE:** Incluímos a información do resumo das áreas do informe SELFIE acadados polo noso centro.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Directivo	4				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3.1				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	3.8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4.1				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	4.4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4.4				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4.1				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2.9				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.6				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	4.3				

**Test CDD:** Tamén utilizamos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro e na táboa 1.3, en relación co perfil do profesorado participante no test.

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	23	65,2%
PROVISIONAL	3	4	75%
INTERINO	3	5	60%
SUBSTITUTO	1	4	25%
OUTROS	1	1	100%

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>59,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>50,6</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>60,4</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>8,7%</u>
A2	<u>15</u>	<u>65,2%</u>
B1	<u>5</u>	<u>21,7%</u>
B2	-	-
C1	<u>1</u>	<u>4,3%</u>
C2	-	-
TOTAL	<u>23</u>	<u>99,90%</u>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do Test de Competencia Dixital Docente elaborouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		
	PERSOAL DOCENTE	Emprego de tecnoloxías dixitais para as comunicacións relativas ao centro educativo (E4). Facilidade para buscar recursos educativos en liña (E1). Coñecemento da aula virtual do centro (A3).	Escasa práctica de avaliación con instrumentos dixitais variados (G6). Pouca valoración do proceso de ensino-aprendizaxe coas TIC (B1).
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Participación no proxecto E-Dixgal en 5º e 6º EP (H1).	Escaso traballo interdisciplinario (F6).
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Acceso a formación dixital continua (D2).	Pouco fomento de proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxías dixitais (F6). Elevado número de alumnas/os por aula (H7).
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA	Alta porcentaxe de familias con AbalarMóbil (E4).	
	OUTRAS ENTIDADES		Escasa colaboración con outras entidades (B3).

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñíbeis, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

A partir da análise DAFO establécense as áreas de mellora prioritarias e os obxectivos que queremos acadar.

Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa:

Área de mellora: H) Competencia dixital do alumnado.						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Consolidar o proxecto E-Dixgal				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador/a E-Dixgal e coordinador/a do 3º ciclo de Educación Primaria				Non acadado	
<b>INDICADOR DO OBXECTIVO:</b>	Número de cursos participando no proxecto E-Dixgal					
<b>Valor de partida:</b>	Dous cursos participando no proxecto					
<b>Valor previsto e data:</b>	Catro cursos participando no proxecto			30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Determinar as necesidades actuais do proxecto E-Dixgal	Coordinador/a E-Dixgal Coordinador/a 3º ciclo de EP	30/06/2024	Equipamento E-Dixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Empregar a contorna EVA por todo o profesorado do 3º ciclo de EP	Coordinador/a E-Dixgal Coordinador/a 3º ciclo de EP	30/06/2024	Equipamento E-Dixgal Profesorado do 3º ciclo de EP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Continuar co proxecto E-Dixgal nos seguintes cursos	Coordinador/a E-Dixgal Equipo Directivo	30/06/2024	Equipamento E-Dixgal Acta reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: F) Pedagogía. Implementación na aula.						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Elaborar proxectos interdisciplinarios, relacionados co cinema, empregando as TIC				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC e coordinadores/as de ciclo				Non acadado	
<b>INDICADOR DO OBXECTIVO:</b>	Número de proxectos desenvolvidos					
<b>Valor de partida:</b>	3 proxectos interdisciplinarios					
<b>Valor previsto e data:</b>	Varios proxectos desenvolvidos			30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Informar sobre proxectos	Equipo TIC	21/12/2023	Acta de reunión Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Fomentar a participación do profesorado e concretar as tarefas a desenvolver	Coordinadoras/es de ciclo	21/12/2023	Acta de reunión Profesorado participante		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Achegar tarefas e recursos aos diferentes proxectos	Equipo TIC Coordinadoras/es de ciclo	30/06/2024	Documentación Ferramentas dixitais Profesorado participante		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Avaliar os proxectos coa finalidade de mellorar o proceso	Equipo TIC Coordinadoras/es de ciclo	30/06/2024	Documentación Ferramentas dixitais Profesorado participante		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: D) Desenvolvemento profesional continuo.						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Participar en PFPP para mellorar a competencia TIC docente				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de participación nos plans de formación					
<b>Valor de partida:</b>	50 % do profesorado participa					
<b>Valor previsto e data:</b>	Máis do 50 % do profesorado participa			30/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Crear un grupo de traballo, dentro do PFPP, para mellorar a competencia docente en audiovisuais	Equipo directivo	31/10/2023	Profesorado do centro Convocatoria Grupo de Traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Determinar as ferramentas dixitais nas que se formar e nomear a persoa coordinadora	Membros do grupo de traballo	21/12/2023	Acta da reunión Ferramentas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Poñer en marcha o plan de formación	Coordinador/a do plan de formación	30/06/2024	Documentos do grupo de traballo Ferramentas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos irémolas identificando en función do desenvolvemento deste Plan Dixital.

As necesidades de mellora da infraestrutura do centro e servizos corporativos canalizarémolas a través da Unidade de Atención a Centros (UAC), indicando o servizo do que se trata e a utilidade/funcionalidade proposta como mellora.

Para a solicitude de equipamento teremos en conta o material enviado desde a administración de xeito ordinario, o enviado especificamente como dotación pola participación en proxectos corporativos impulsados pola administración e calquera outro existente no noso propio centro.

Contaremos co apoio da asesoría abalar de zona.

As necesidades de equipamento coas que iniciamos este Plan Dixital son as seguintes:

- **6 monitores interactivos** para aulas de 4º, 5º e 6º de educación primaria. Permítennos facer actividades interactivas grupais.
- **19 tabletas dixitais.** Unha para cada aula de infantil e primaria. Empregarémolas para diferentes actividades interactivas en pequenos grupos.
- **6 ordenadores portátiles** para as aulas de educación infantil. Os que teñen están obsoletos.
- **4 ordenadores portátiles** para a biblioteca. Necesítámoslos para procuras na internet e realización de diferentes traballos do alumnado.

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento deste plan e da consecución dos obxectivos constará de:

**Avaliación procesual:** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

**Avaliación final:** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

A este Plan Dixital, unha vez aprobado no mes de outubro de 2023, daráselle difusión entre toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha/>